

Ruptura da unidade sindical na discapacidade, menores e infantil 0-3: fronte ás escusas e ao inmovilismo por parte de CCOO, UGT e USO, dende a CIG-Ensino seguimos na loita

A unidade sindical non pode ser unha cadea que nos ate á pasividade nin unha estratexia de comunicación para ocultar a falta de traballo nestes sectores, iso si é unha irresponsabilidade, como a dobre moral de asinar o convenio en Madrid e denunciálo aquí

Ante o comunicado emitido por UGT, CCOO e USO anunciando a ruptura da unidade sindical na campaña de Política Social (Discapacidade, Menores e Infantil 0-3), coa única finalidade de desprestixiar á CIG e o seu modelo sindical, dende a CIG-Ensino queremos aclarar a realidade dos feitos e reafirmar o noso compromiso con todo o persoal traballador:

1. Unha escusa para fuxir

A utilización nunha concentración o mércores 25 «dunha faixa reivindicativa do convenio galego» en tres centros de Ourense: Monteledo, Montefiz e Montealegre, que están xuntos —unha decisión soberana dos propios comités neses centros— para rachar a unidade sindical é unha escusa barata. A CIG, nun exercicio de lealdade á unidade, xa comunicara ao día seguinte, xoves 26, que retiraría ese material audiovisual para non xerar confusión, aprazando o debate á reunión do venres 27. A resposta de UGT, CCOO e USO foi romper sen falar, nin escoitar, demostrando que **levaban tempo buscando a porta de saída e que xa tiñan a maleta feita**. Os tres comités dos 3 centros xustifican por que actuaron deste xeito (en resposta á negociación dos convenios propios das súas empresas, dado que estas pretenden impoñerlles o convenio estatal) e recoñecen que ao mellor facelo coincidir cos «mércores en loita» non estivo acertado.

2. Quen puxo iniciativa e o traballo?

A realidade é que a campaña «Persoal Política Social en Loita» mantívose viva grazas á insistencia, ás propostas e ao esforzo da CIG (coa colaboración





da CUT e o SNEP sempre). O 80% do material, das fotos, vídeos e da dinamización nos centros saíu das nosas bases. Ademais, mentres a CIG presionaba para convocar folga, peches, manifestacións... o «trío sindical» respondía sistematicamente con **negativas e inmovilismo**. Non estaban cómodos co ritmo da loita porque nunca creron nela. Así, precisamos

un mes de negociación para acordar reivindicacións conxuntas (sen mencionar «convenio galego» cando viñamos, con CUT e SNEP, de mobilizacións e unha folga en novembro, e co persoal mobilizado...) e tres meses para facer unha concentración e unha caravana de coches diante da Xunta de Galiza... Esta falta de acción enfriou o conflito no canto de aumentalo, para unha maior presión a unha Consellaría de Política Social bunquerizada e allea ao persoal traballador.

3. Antecedentes de traizón

Esta non é a primeira vez que nos atopamos con este escenario. Xa en Educación Infantil 0-3, tras seis xornadas de folga históricas e unha campaña de recollida de sinaturas masiva, estas mesmas organizacións, romperon a unidade sindical, deron as costas ás traballadoras e asinaron un convenio estatal que non recolle as necesidades do sector.

4. A loita continúa con quen quere loitar

A saída de UGT, CCOO e USO non arrefría os nosos ánimos; pola contra, clarifica o panorama. O luns mesmo retomamos a estratexia con **SNEP e CUT**, organizacións que si demostraron estar á altura das circunstancias.

O noso obxectivo segue intacto: Melloras laborais e salariais reais e a loita por un Convenio Galego en cada un dos sectores, para que os nosos dereitos se decidan aquí e non en despachos de Madrid onde se asinan retrocesos e precariedade laboral.

Mellor soas/sos e ben acompañadas/os pola dignidade nos 3 sectores, que atadas/os a quen só busca a paz social a costa da precariedade das traballadoras/es.

A loita é o único camiño para mellorar e avanzar!



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal